

## Presentación da materia/módulo

<b>Materia / Módulo</b>	<b>Matemáticas - A</b>	<b>Curso / Ciclo</b>	<b>2024 - 2025 4º ESO</b>
-------------------------	------------------------	----------------------	-------------------------------

### CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

<b>Tema 0</b>	Actitudes e técnicas no desenvolvemento matemático. Matemáticas para a vida en sociedade
---------------	--

<b>1ª Avaliación</b>	1. Números reais 2. Proporcionalidade e porcentaxes 3. Estatística 4. Probabilidade
<b>2ª Avaliación</b>	5. Polinomios e identidades notables 6. Ecuacións e sistemas. Inecuacións
<b>3ª Avaliación</b>	7. Funcións e gráficas 8. Funcións lineais e cadráticas 9. Transformacións no plano 10. Xeometría

### PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

<b>Instrumentos:</b>	<b>Peso %</b>
Probas escritas	90 %
Actitudes/Técnicas/Traballos/Tarefas	10 %

#### Cráterios:

- Ao longo do curso e para cada unha das tres avaliacións realizaranse as seguintes probas escritas, todas elas puntuadas sobre 9:
  - 1 control (representado por  $C_1$ ,  $C_2$  e  $C_3$  respectivamente)
  - 1 exame de avaliación (representado por  $E_1$ ,  $E_2$  e  $E_3$  respectivamente) sobre toda a materia traballada **dende o principio de curso** ata a data da realización de dito exame.
- Ao longo do curso e tamén para cada unha das tres avaliacións valorarase a actitude, a conduta o traballo e a realización de tarefas puntuados sobre 1.
- Para cada avaliación ponderarase o exame de avaliación sobre o control (a puntuación do exame é dobre da do control) calculándose unha nota de probas (**P**) :

$$P = \frac{2}{3} \cdot E + \frac{1}{3} \cdot C$$

- A cualificación de cada avaliación parcial (1ª, 2ª e 3ª avaliación), obterase da suma da nota de actitude/técnicas/traballos/tarefas, **T**, máis a nota de probas **P**.

$$B = T + P$$

– Cualificación na avaliación final da materia

- A puntuación obtida na media ponderada da seguinte maneira:  **$M = 0,20 \cdot B_1 + 0,30 \cdot B_2 + 0,50 \cdot B_3$**  servirá para determinar a cualificación final do alumnado.
- Os alumnos/as que obteñan 5 ou máis puntos usando a media ponderada anterior (M) terán superada a materia con esa cualificación na avaliación final.
- Os alumnos que obteñan menos de 5 puntos usando a media ponderada anterior (M) necesitarán recuperar toda a materia. O instrumento para recuperala será unha proba escrita (P) sobre os contidos de todo o curso puntuada sobre 10 puntos.
  - Si na proba escrita P, obtiveran 5 o máis puntos terán superada a materia. A súa cualificación na avaliación final será o máximo de estes dous valores: 5,  $\frac{M+P}{2}$
  - Si na proba escrita P, obtiveran menos de 5 puntos no terán a materia superada e a súa cualificación na avaliación final será o máximo de estes dous valores: M, P

No caso de detectar que se copia nunha proba, traballo ou tarefa por calquera medio, será cualificado con 0 puntos nela.